

CANTIGAS DO MAGOSTO 2014 SEXTO

De novo chega o outono
os ourizos caen ledos
de novo chega novembro
co Magosto para os nenos.

Ao Magosto en Campolongo
queremos darlle a benvida
con sorrisos e con copras
nesta leda mañanciña.

A castaña do outono
chega chea de ilusión
a castaña do Magosto
tráenos a diversión.

Vimos todos ao Magosto
para xogar e brincar
os rapaces da escola
que ben o imos pasar.

Nun ambiente de ledicia
rindo e falando no chan
e comendo nas castañas
que saborosas están.

Pola festa do Magosto
e das castañas asadas
temos enredos e lerias
e cantigas entoadas.

Nesta máxica aventura
volverán os nosos soños
para compartir con todos
un fantástico Magosto.

Na xuntanza do Magosto
hai castañas sen parar
e os rapaces moi contentos
non che paran de cantar.

Gústanos moito o Magosto
celebrámolo a fartar
polo patio trouleando
moito imos a gozar.

Que ben cheiran as castañas
no colexio Campolongo
comémolas ben quentiñas
despois corremos dabondo.

Este día do Magosto
merendamos as castañas
que ricas están asadas
quentiñas e chamuscadas.

Outono amarelo e ocre
retrato visto do averno
adiviña o forte anhelo
e deixa paso ao inverno.